

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIIS E A ASOCIACIÓN CULTURAL PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES ENMARCADAS NA DÉCIMO CUARTA EDICIÓN DA FEIRA DAS INDUSTRIAS CULTURAIIS DE GALICIA- CULTURAL 2021**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa Asociación Cultural o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **o día de sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2021**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento do marco de colaboración entre as partes para o desenvolvemento de actividades enmarcadas na décimo cuarta edición da Feira das Industrias Culturais-Cultural 2021, que baixo o lema "A cultura que toca", se desenvolverá na cidade de Pontevedra do 26 ao 28 de novembro de 2021, cunha programación que contempla actuacións en directo de música e artes escénicas, presentación de produtos culturais, proxectos e servizos, proxeccións audiovisuais, encontros profesionais, debates, coloquios e foros de opinión, encontros de creadores e profesionais co público asistente, obradoiros formativos e outras actividades culturais.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación Cultural organiza dende 2010 a Feira das Industrias Culturais-Cultural, un proxecto multisectorial corresponsable dentro das industrias culturais e creativas consolidado como un punto de encontro de referencia para todos os axentes do sector cultural (libro, audiovisual, artes escénicas, música, deseño, internet e novas tecnoloxías) e como un espazo no que intercambiar experiencias e idear novos proxectos de colaboración entre as industrias creativas galegas e destas con disciplinas doutros territorios. A feira, achegando ao público o último en produtos culturais; o foro, un escenario no que presentar as novidades en xestión, difusión e conceptualización de proxectos culturais e artísticos; e o encontro profesional, como espazo no que intercambiar experiencias e idear novos proxectos de colaboración, son os tres eixos sobre os que se cimenta e constrúe Cultural, asumindo tamén como propios os retos que supoñen para as industrias culturais galegas os procesos de hibridación dixital da comunicación cultural e o tránsito das actividades de creación cultural cara a industria do lecer que se está desenvolvendo a nivel global.

Cultural débúxase este ano como unha ferramenta necesaria para o sector cultural de Galicia. Un dispositivo ao servizo do sector cultural e da sociedade en xeral; de empresas, entidades, creadoras e creadores. A dureza que supuxo o 2020 para o sector cultural require dun esforzo en 2021. Quere sumarse Cultural á revitalización do sector en 2021 en todas as fases da actividade cultural, adoptando e cumprindo todas as medidas sanitarias específicas na normativa en vigor para ofrecer ao público e ao sector participante un contorno seguro.



Os intereses e obxectivos que moven a CulturGal son compartidos pola Agadic, que considera fundamental o apoio a este evento co fin de unir esforzos na difusión entre todos os sectores creativos de cara a lograr unha maior visibilidade das industrias culturais e os seus produtos, de difundir o valor da creación cultural e a propiedade intelectual achegando ao público os seus protagonistas (creadores, editores e distribuidores); de apoiar a vertebración das industrias culturais e creativas, fomentando a relación intersectorial e a inclusión de iniciativas TIC na distribución de contidos culturais; de difundir a oferta educativa e formativa para que a xente nova poida aportar o seu talento ao sector creativo; de facilitar as relacións entre profesionais galegos e do resto de España e outros ámbitos de internacionalización. En definitiva, amosarlle ao público que as industrias culturais son un sector emprendedor, innovador e xerador de emprego cualificado.

A Feira Galega das Industrias Culturais supón a única actividade que xunta a todos os sectores profesionais da cultura galega e polo tanto o único soporte que permite dar apoio e promoción, paralelamente, ao encontro profesional e á presentación, promoción e venda de produtos e servizos, de aí a necesidade de colaborar coa Asociación e de coorganizar este programa coa pretensión de fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

